

2.6 EIXE 4: SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL E EQUILIBRIO TERRITORIAL

Galicia ten que converter o seu territorio na mellor é máis valiosa das súas vantaxes comparativas: o carácter irrepetible do noso medio natural, paisaxe, cultura, recursos humanos, todos eles postos ao servizo do crecemento, máis non a toda costa senón, ao contrario, buscando o equilibrio entre as zonas. Imos á “Galicia cidade única”, onde se garanta a igualdade de oportunidades en termos de accesibilidade aos servizos, conectividade á sociedade da innovación, oportunidades de traballo, obtendo o mellor resultado dos recursos naturais e potenciándoos, e buscando a solidariedade ambiental para con nós, as xeracións vindeiras e para co planeta. Aquí a cooperación coas empresas e iniciativa privada mantense, mais gaña aspecto a participación da cidadanía e, por suposto, o compromiso e coordinación coas administracións europea, estatal, e as corporacións locais, para que o territorio sexa valorizado e entendido como un espazo común, onde se obtén a riqueza e viven os cidadáns.

A cohesión territorial, e a busca dun desenvolvemento sustentable, harmónico, conse-

guirase protexendo os recursos endóxenos, garantindo a solidariedade entre territorios e a cohesión social, preservando o medio ambiente e o contorno, e a igualdade na accesibilidade e conectividade aos servizos públicos esenciais, aló onde se encontren. Nesta tarefa, préstaselles especial atención aos cidadáns do rural, que xunto coa modernización das explotacións, realizan tarefas en actuacións forestais, complementadas con accións de apoio en favor do desenvolvemento local, continuidade das explotacións e fixación definitiva de poboación cunha calidade de vida semellante ás das cidades e con traxectorias e oportunidades persoais.

As persoas que viven no rural participan nas funcións de conservación do patrimonio, calidade para os alimentos, aproveitando as diversidades no local, constituíndo tamén un espazo atractivo para vivir; e non soamente de lecer ou retiro. O obxectivo: o espazo como un factor de desenvolvemento, convertido nunha vantaxe comparativa que xere economías de escada positivas.

Coa finalidade de estratexia territorial, e baixo o enfoque do reequilibrio territorial, o plan acolle tamén as actuacións compensatorias de estímulo empresarial e complementarias para dotación de servizos persoais e empresariais que atendan as especificidades territoriais de Galicia e permitan un desenvolvemento harmónico do territorio, como xa se iniciou cos plans Impulsa para as provincias interiores de Lugo e Ourense, o Plan director para Ferrol e as comarcas do Eume e Ortegal, e os distintos plans con vocación de estratexia e equilibrio territorial. Neste mesmo eixe, e con enfoque de valorización do contorno e respecto ambiental, teñen cabida as actuacións dirixidas á adaptación ao cambio climático, eficiencia enerxética e conversión do medio natural nun punto forte para o desenvolvemento socioeconómico de Galicia.

Equilibrio e respecto ambiental como condicións básicas para conseguir que sexa o territorio a máis importante fonte de riqueza, a maior vantaxe comparativa, que se acompañan cunha ganancia competitiva e aforro en custos co aproveitamento das oportunidades que se lle presentan a Galicia en enerxías renovables e na xeración de actividades económicas e postos de traballo ligados ás actividades de produción de enerxías alternativas ou de eficiencia enerxética e industrias de reciclaxe, nas que posuímos recursos como a auga, a madeira, o mar e o clima susceptibles de seren postos en valor.

Galicia é unha rexión con importantes recursos naturais e cun altísimo potencial en materia de enerxías renovables. Cumprir a

lexislación internacional vixente, ao mesmo tempo que se explotan de forma eficiente e sustentable os recursos existentes constituirá un dos grandes desafíos nos próximos anos, xunto cos beneficios en custos obtidos da racionalización dos recursos enerxéticos.

Asumir ambos retos equivale a construír un modelo socioeconómico de “crecemento sustentable”, un modelo que faga un uso máis eficaz dos recursos, propios dunha Galicia máis verde e competitiva. Pero, ao mesmo tempo, unha intelixente concepción das potencialidades do territorio conduce a incluír no modelo os principios dun “crecemento integrador”, fomento dunha economía que manteña a cohesión territorial.

É ben recoñecido ata que punto a rexión galega segue a manter importantes desequilibrios territoriais. Para que Galicia poida explotar as súas vantaxes comparativas precisa dunha maior accesibilidade, de máis equipamentos básicos e ambientais que permitan o equilibrio territorial. Na medida en que o territorio gaña en cohesión, as oportunidades para construír un modelo propio de desenvolvemento en termos de competitividade aumentarán.

É preciso fundamentar o futuro das próximas xeracións de Galicia nun modelo territorial coherente no que a transformación e o desenvolvemento intelixente do territorio sexan compatibles e estean baseados en asentamentos que propicien o desenvolvemento e a protección do medio.

No plan estratéxico materialízase un esforzo importante por mellorar a competitividade

empresarial a través da eficiencia enerxética e aproveitar os recursos ambientais de Galicia como un factor de atracción e de crecemento económico.

De cara ao novo período de programación da política rexional e de cohesión comunitaria, e en liña co disposto na Axenda de Lisboa e Gotemburgo, trátase de impulsar o crecemento económico, aínda que sen perder de vista os criterios de protección e conservación ambiental. Mediante o aproveitamento dos recursos naturais, Galicia fomentará o desenvolvemento de actividades económicas que contribúan a fixar poboación no medio rural.

2.6.1. OE 4.1. Converter o contorno natural nun factor positivo para o desenvolvemento de Galicia e unha mellora da calidade de vida

A relación entre actividade e territorio debe ser o punto de partida da análise e dunha decisión capaz de soste unha estratexia económica, de cohesión e desenvolvemento social e de aprecio e coidado do medio ambiente, da paisaxe e do contorno natural.

A concepción que cómpre manter do territorio, sen alternativa, é a de Galicia como rexión urbana e policéntrica, nun territorio cohesionado e integrado no conxunto da Unión Europea a través dos lazos que nos unen, que son os mesmos que estruturan os lugares de residencia, traballo, lecer, cultura, educación, acceso a servizos que, en suma, permiten un desenvolvemento que integra o persoal co global.

A ordenación do territorio inspírase nun desenvolvemento sustentable, a través dunha estratexia territorial que se organiza dende o recoñecemento dun modelo policéntrico, no que as grandes cidades articulan o conxunto e permiten un equilibrio onde as vilas e pequenos núcleos de poboación garanten a accesibilidade e comunicación a través dunha rede de infraestruturas que respecta o ambiente como condición de preservación, e a paisaxe e os atractivos naturais como elementos diferenciais positivos na xeración de riqueza.

A existencia de áreas funcionais que permitan desenvolver o carácter territorial de zonas de influencia metropolitana, marcando unha posta en valor do territorio, que permita un desenvolvemento social, ambiental e cultural dos cidadáns ten que responder a un proxecto de territorio fundamentado na fortaleza das cidades e na correspondencia das zonas limítrofes, máis que na solución das deficiencias.

Definitivamente, a ordenación do territorio debe servir para reconducir o concepto de cidade illada a un sistema policéntrico de cidades e nós que permitan considerar a Galicia como unha cidade única, que sabe desenvolver adecuadamente o territorio, convertendo a Galicia nunha oportunidade de modelo de sociedade en benestar e sustentabilidade.

Os instrumentos que permitan o desenvolvemento dun modelo territorial ordenado requiren dun esforzo de planificación e ordenación baseadas en directrices de ordenación do territorio e outros instrumentos

de ordenación territorial, nos que deben participar os concellos e axentes sociais.

Nesta liña, un paso necesario é a creación das áreas metropolitanas como estratexia de integración territorial e funcional das grandes cidades e dos concellos do seu contorno.

No planeamento municipal en xeral, o plan contempla un impulso decidido ao proceso de formulación dos PXOM, incrementando os niveis de esixencias de protección dos valores ambientais e paisaxísticos. Nas cidades, avogarase polo cumprimento da normativa ambiental, especialmente no relativo ás augas residuais dos núcleos situados na franxa do litoral.

En relación co urbanismo, a necesidade de mellorar a calidade urbana dos pobos, vilas e cidades plasmarase no control legal e implantación de normas e medidas que lle dean prioridade ao desenvolvemento equilibrado dos concellos, a sustentabilidade ambiental e a conservación dos recursos naturais e valores paisaxísticos, medidas que

se tomarán dándolle protagonismo á participación cidadá, e xestionarán procurando a transparencia, seguridade xurídica e procurando a redistribución das plusvalías.

Baixo outra aproximación, a paisaxe é un elemento determinante para facer dun territorio un lugar atractivo para vivir e traballar. Cómpre, pois, a revisión, unificación e coordinación do corpo legislativo en materia de ordenación do territorio, medio e urbanismo e adaptalas ás novas formas de entender o territorio e a utilización do solo á realidade galega, estatal e europea. Por outra banda, a calidade e diversidade da paisaxe en Galicia quedará reflectido nun catálogo de paisaxes de Galicia onde se fixarán as liñas básicas de actuación e os programas de recuperación paisaxística.

Elemento importante nun modelo aberto, de gobernanza, na coordinación entre Xunta e concellos e administracións implicadas, integraranse grupos de traballo do COAG e demais colexios profesionais para perfeccionar os requisitos de tramitación das distintas figuras de planeamento.

Plans e programas sectoriais salientables	Programas de gasto e organismos xestores
<ul style="list-style-type: none"> ➤ Plan HURBE 2010-2013 ➤ Directrices de ordenación do territorio ➤ Plan de ordenación do litoral ➤ Plan galego de cartografía e información xeográfica ➤ Plan de sustentabilidade de Galicia ➤ Plan hidrolóxico de Galicia-Costa ➤ Plan de infraestruturas hidráulicas e traballos medioambientais 2009–2013 ➤ Plan de abastecemento de Galicia ➤ Plan de saneamento de Galicia ➤ Plans sectoriais de saneamento nas rías galegas ➤ Plan de control de vertidos en Galicia-Costa ➤ Plan de lodos de depuradoras de augas residuais ➤ Plan de xestión de residuos urbanos 2010-2020 ➤ Plan de residuos industriais de Galicia ➤ Plan director dos recursos naturais Rede Natura 2000 ➤ Plan de Concentración Parcelaria ➤ Plan de mellora de accesos ás explotacións 	<p>511A (S. X. MATEI, D. X. Infraest., Xurado de Expro</p> <p>521A (S. X. Ord.Terr. e Urb.; D. X. Sostib. e Pais; Axencia Protec. Legalidade Urbana)</p> <p>541A (S. X. Cons. Medio Ambiente: D. X. Calidade e Av. Amb.)</p> <p>541B (D. X. Conservación da Natureza)</p> <p>541C (S. X. Cons. Mar; D. X. Ord. X. Recursos Mariños)</p> <p>541D (S. X. de Calidade e Avaliación Ambiental)</p> <p>542B (Augas de Galicia)</p>

DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO

ÓRGANO XESTOR:

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

CARACTERÍSTICAS XERAIS:

As Directrices de Ordenación do Territorio (DOT) teñen como finalidade establecer as pautas especiais de asentamento das actividades, precisando a definición dun modelo territorial para Galicia. As propostas e determinacións das DOT definirán unha senda a seguir e perfilarán un escenario de futuro co que se aspira a conseguir a cohesión social e territorial de Galicia, contribuíndo ademais a unha maior eficiencia do sistema productivo, así como a protección e posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico e a eficiencia ambiental en todos os procesos.

As Directrices, xunto co Plan de ordenación do litoral de Galicia, primeiro instrumento que as desenvolve, constitúen o marco para unha xestión integrada do litoral como espazo singular; englobando iniciativas estratéxicas para configuralo como un elemento de referencia do territorio galego, co obxecto de establecer os criterios, principios e normas xerais para a ordenación da zona litoral baseada en criterios de perdurabilidade e sustentabilidade, así como a normativa necesaria para garantir a conservación, protección e posta en valor das zonas costeiras.

Dispor deste Modelo de ordenación favorecerá unha gobernanza máis coordi-

nada e eficaz, pois permitirá orientar os restantes instrumentos de ordenación territorial ata a escala da competencia local incluíndo ás iniciativas sectoriais, de forma que as súas propostas sexan coherentes cos obxectivos xerais que se expoñen para o conxunto de Galicia e co papel que cada ámbito debe desenvolver nesa estratexia común.

PLAN DE ORDENACIÓN DO LITORAL

ÓRGANO XESTOR:

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

CARACTERÍSTICAS XERAIS:

O Plan de Ordenación do Litoral de Galicia (POL), desenvolvendo as orientacións estratéxicas das Directrices de Ordenación do Territorio, constitúen o marco para unha xestión integrada deste espazo singular; englobando iniciativas estratéxicas para configuralo como un elemento de referencia do territorio galego, co obxecto de establecer os criterios, principios e normas xerais para a ordenación da zona litoral baseada en criterios de perdurabilidade e sustentabilidade, así como a normativa necesaria para garantir a conservación, protección e posta en valor das zonas costeiras.

Propiciará unha gobernanza máis eficiente e eficaz, como ferramenta propositiva de referencia para os instrumentos da planificación sectorial e de urbanismo, contribuíndo así á coherencia territorial de Galicia sen menoscabo das competencias sectoriais e locais.

PLAN HURBE 2010-2013

ÓRGANO XESTOR:

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

CARACTERÍSTICAS XERAIS:

○ Plan HURBE presenta os seguintes obxectivos:

- Contribuir ao reequilibrio territorial fixando poboación no medio rural mediante a mellora da calidade de vida nestas áreas.
- Fomentar a creación e mellora dos espazos de encontro e goce do lecer, en condicións óptimas de calidade e seguridade para todas as persoas.
- Favorecer a sustentabilidade futura compatibilizando o desenvolvemento económico e a agrupación en torno aos núcleos de poboación con criterios de ordenación territorial e habitabilidade.
- Recuperar os espazos públicos que foron perdendo o seu carácter de áreas de interacción social por un inadecuado desenvolvemento urbano.
- Potenciar a conservación dos equipamentos urbanos patrimonio histórico das vilas galegas.

○ Plan busca un programa de calidade de vida das zonas urbanas, e dos concellos máis pequenos de Galicia, buscando vilas accesi-

bles, habitables e non abandonadas, e que os cidadáns, especialmente do medio rural, poidan seguir vivindo no seu concello.

As actuacións realizaranse coa colaboración dos concellos, xa que son as administracións máis próximas ao territorio e aos cidadáns, mediante o desenvolvemento dos programas de equipamentos públicos, de humanización de rúas e de urbanización e mellora de espazos públicos, para dar cobertura ás necesidades da cidadanía.

○ Plan HURBE destinará 96,2 millóns de euros para realizar 53 actuacións en algo máis de 40 concellos.

○ Plan desenvólvese en tres tipos de programas con obxectivos e orzamentos específicos:

- ○ programa de equipamentos públicos ao que se destinará 34 millóns de euros.
- ○ programa para a humanización das rúas con 27,5 millóns de euros.
- ○ E o programa de urbanización e mellora de espazos públicos dotado con 34 millóns de euros.

PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS URBANOS 2010-2020

ÓRGANO XESTOR:

Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.

CARACTERÍSTICA XERAIS:

O plan está chamado a darlle unha resposta decidida ás demandas comunitarias en materia de prevención da xeración de residuos e á promoción da reutilización, reciclaxe e recuperación dos xerados, co fin de acadar un modelo de xestión sustentable e reducir o seu impacto ambiental.

LIÑAS ESTRATÉXICAS:

- Estabilización e redución da produción de residuos en Galicia (peso, volume, diversidade e perigo), desensaixando a xeración de residuos do crecemento económico.
- Fomento da recollida selectiva en orixe como estratexia para obter materiais de calidade que teñan saída no mercado da reciclaxe, cun apoio específico á xestión e recollida en orixe da fracción orgánica dos residuos urbanos.
- Potenciamento dun verdadeiro mercado de reciclaxe, baixo criterios de autosuficiencia e proximidade.
- Redución da vertido final, especialmente de fracción biodegradable e materiais recuperables.
- Incremento da autosuficiencia territorial no tratamento de residuos, reducindo os custos de transporte.

- Incorporación do factor humano nas actuacións de xestión de residuos, maximizando a implicación, coñecementos de poboación e dos xestores.
- Favorecer a complementariedade de modelos.
- Potenciar o tratamento do resto para alcanzar os obxectivos de recuperación e redución da biodegradabilidade dos residuos vertidos.

En conexión coas ditas estratexias, abordárase unha reorientación substancial das infraestruturas e a loxística do actual modelo de xestión centralizado nas instalacións de SOGAMA. Para tal efecto, partirase dun principio de equidade territorial que se traducirá nunha descentralización baseada no establecemento de novas plantas de tratamento de residuos no territorio galego que alivien a presión sobre o complexo de SOGAMA en Cerceda, no que actualmente se reciben o 80% dos residuos xerados en toda a comunidade. A dita medida permitirá, ademais, acadar unha maior proximidade xeográfica entre a orixe dos residuos e as instalacións dedicadas á súa clasificación, tratamento e xestión que redunde na sustentabilidade, eficiencia e racionalidade do sistema, reducindo os custos económicos e ambientais derivados do transporte dos residuos.

Como complemento do anterior, o plan albergará como outro dos seus principios inspiradores o de mixticidade e complementariedade de modelos de xestión, baixo o cal se abandonan formulacións circunscritas a

un modelo único e exclusivo en materia de xestión de residuos. En contraste, prevese un sistema flexible no que se defina o modelo que mellor se adapte ás características de cada territorio para o logro dos obxectivos establecidos. Así, deberán considerarse en cada caso os sistemas máis adecuados de segregación, recollida e tratamento ou valorización, a fin de minimizar as necesidades de eliminación.

Por último, en materia de fomento e sensibilización, un dos obxectivos principais do plan é lograr a participación activa da sociedade, integrándoa efectivamente como unha peza clave do sistema de xestión de residuos, para o cal é preciso que os cidadáns interioricen, tanto os custos socioeconómicos e ambientais derivados da xeración de residuos, como as vantaxes que ofrece a implantación dun modelo de xestión sustentable e compatible cun desenvolvemento económico equilibrado, no que o produtor de residuos asuma un papel protagonista e corresponsable como primeiro elo da cadea.

PLAN HIDROLÓXICO DE GALICIA-COSTA

ÓRGANO XESTOR:

Augas de Galicia.

CARACTERÍSTICAS XERAIS E

OBXECTO:

- 1) A avaliación dos recursos hídricos existentes, afondando no grao de coñecemento da súa calidade, co fin de optimizar a súa xestión e a priorización dos usos da auga.

- 2) A ordenación e recuperación de marxes e ribeiras, co fin de evitar impactos ambientais negativos.
- 3) A Conservación e recuperación do bo estado ecolóxico do medio hídrico.
- 4) Establecer un plan de control de vertidos coa implantación dunha rede de control para a xestión integrada dun sistema automático de detección de vertidos e medición da calidade das augas (Rede Saica).
- 5) O estudo de riscos asociados con fenómenos hidrolóxicos.

PLAN DE ABASTECIMENTO DE GALICIA

ÓRGANO XESTOR:

Augas de Galicia.

CARACTERÍSTICAS XERAIS:

O Plan de abastecemento de Galicia será a ferramenta básica de planificación da Administración Hidráulica de Galicia para o desenvolvemento das actuacións en materia de abastecemento e xestión dos recursos hídricos.

Este plan contempla a realización das obras hidráulicas necesarias para avanzar na dotación dun servizo público de abastecemento de auga potable a un número cada vez maior de núcleos de poboación.

Tendo en conta os campos de competencia municipal neste ámbito, actuarase en colaboración cos concellos, ao abeiro do establecido no Decreto 84/1997, do 10 de abril,

sobre colaboración técnica e financeira da Administración hidráulica de Galicia coas entidades locais en materia de abastecemento e saneamento de augas.

PLAN DE SANEAMENTO DE GALICIA

ÓRGANO XESTOR:

Augas de Galicia.

CARACTERÍSTICAS XERAIS:

O plan pretende evitar os efectos ambientais negativos derivados do vertido de augas residuais, podendo chegar a cumprir cos requirimentos da Directiva 91/271/CEE, relativa ao tratamento de augas residuais urbanas; entre outros, xa que todas as poboacións de máis de 2.000 habitantes tiñan que ter o seu saneamento solucionado.

Deste xeito, en 2010-2014 continuarase coa realización das obras hidráulicas previstas no plan, consistentes, principalmente, na construción de estacións depuradoras de augas residuais, redes de colectores xerais e emisarios submarinos. Ao igual que co abastecemento, colaborarase cos concellos.

PLANS SECTORIAIS DE SANEAMENTO NAS RÍAS GALEGAS

ÓRGANO XESTOR:

Augas de Galicia.

CARACTERÍSTICAS XERAIS:

Estes plans pretenden estudar e analizar as redes de saneamento dos concellos das rías galegas, realizando importantes campañas

de campo, co obxectivo de adaptar as redes de saneamento e as estacións de bombeo ás estacións de tratamento de augas residuais destes concellos.

En consecuencia, con estes plans deseñaranse actuacións que vaian encamiñadas á execución de estruturas de control de augas pluviais (tanques de tormenta) que laminen as puntas de caudais que chegan actualmente ás depuradoras en épocas de choiva.

PLAN DE CONTROL DE VERTIDOS EN GALICIA-COSTA

ÓRGANO XESTOR:

Augas de Galicia.

CARACTERÍSTICAS XERAIS:

O obxectivo deste plan é o de crear unha unidade técnica renovada destinada tanto á inspección e ao control dos vertidos existentes ao dominio público como á xestión das alertas xeradas por estes vertidos.

PLAN DE SUSTENTABILIDADE DE GALICIA

ÓRGANO XESTOR:

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

CARACTERÍSTICAS XERAIS:

A evolución dos procedementos e trámites ambientais, as axendas 21 etc., así como a recente aparición da Axencia de Ecoloxía Urbana de Galicia e Norte de Portugal, implican unha necesaria coordinación para a definición duns mínimos indicadores. Co Plan de sustentabilidade, preténdese revisar

a situación actual tomando como referencia a nova lóxica da sustentabilidade do desenvolvemento e integrar as dimensións económicas, sociais e ambientais, para avanzar de cara a modelos que permitan a mellora da calidade de vida tanto das xeracións actuais como das futuras. Como obxectivo xeral, este plan debe ser elaborado coa pretensión de servir como referente informativo que lles axude ás diferentes administracións e aos axentes económicos e sociais, conxuntamente coa sociedade civil, a deseñar escenarios alternativos, debater opcións de futuro e, incluso, axudar a definir estratexias e políticas ben orientadas cara a obxectivos desexados: un progreso equilibrado e harmónico da sustentabilidade do desenvolvemento.

As accións previstas son:

- a) Revisión dos modelos desenvolvidos nas axendas 21, para unificar criterios e extraer conclusións.
- b) Establecer unha liña de traballo directo co Equipo de Avaliación Ambiental. Estratéxica da consellería, encamiñada a definir un modelo de datos sobre os indicadores apropiados para a realidade territorial galega.
- c) Abrir estas liñas de traballo e canles de colaboración con axentes e institucións galegas, nacionais e internacionais.

Proposta de medidas e actuacións prioritarias	Indicadores salientables
Elaboración das directrices e instrumentos para a ordenación do territorio	Número de plans territoriais integrados aprobados Número de hectáreas con planeamento e axenda XXI aprobadas
Plan de ordenación do litoral	Porcentaxe de convenios aprobados dos contemplados no Programa coordinado de actuación do POL Número de estudos e proxectos realizados dos contemplados no Programa coordinado de actuación do POL
Elaboración dos catálogos e directrices das paisaxes de Galicia	Número de catálogos desenvolvidos Número de directrices desenvolvidas para os catálogos Obxectivo: ter desenvolvidos de entre 15 a 20 catálogos e directrices, é dicir, a totalidade do proceso ata o seu rango normativo, estaríamos a falar da totalidade dos sete catálogos previstos da área paisaxística do litoral, xunto coa totalidade dos catálogos correspondentes a dúas áreas de interior elixidas
Creación do Sistema de Información Xeográfico e Corporativo da Xunta de Galicia	Solicitudes de información atendidas Hectáreas de ortofoto restituída dos voos históricos de Galicia Ter a cartografía do 2.501.366 Ha, o que supón o 85% da superficie da Comunidade Autónoma de Galicia antes do 2015, e queda pendente a execución do 15 % correspondente ás zonas de montaña e menos poboadas
Plans de saneamento locais nas rías, para o control e drenaxe das augas, e Plan de control de vertidos e de emenda de situacións de contaminación	Poboación beneficiada. (Obxectivo: 200.000 habitantes beneficiarios) Qm de colector (Obxectivo: 200 Qm de colectores) Número de vertidos emendados (Obxectivos: Reapertura, antes do ano 2012, das zonas de produción de marisqueo que se atopan pechadas na táboa de clasificación das zonas de marisqueo 2010 Das zonas de marisqueo que presenten empeoramento na táboa de clasificación das zonas de marisqueo no ano 2010, conseguir que o 65% destas acaden un melloramento antes do ano 2014)
Descentralizar o modelo de xestión de residuos e incrementar a capacidade de tratamento	Porcentaxe de residuos tratados Obxectivo: reducir a cantidade de RSU urbanos producidos nun 10% durante o período de aplicación do plan; e conseguir que o 100% dos residuos xerados sexan sometidos a tratamento previo

Proposta de medidas e actuacións prioritarias	Indicadores salientables
Favorecer a competitividade e redimensionamento das explotacións agrogandeiras a través da mobilidade de terras inculdas ou improdutivas	Número de hectáreas melloradas ou postas en valor produtivo e número de explotacións que se benefician destas melloras
Mellora da estrutura das explotacións agrarias mediante a concentración parcelaria	Número de hectáreas en concentración parcelaria
Mellora de accesos as explotacións de vacún e viñado	
Posta en valor do Plan HURBE en colaboración coas entidades locais da comunidade autónoma	Plan HURBE: 40% de concellos obxecto de axuda ou acordo. Número de axudas e/ou acordos de actuación para a creación de espazos públicos e/ou equipamentos urbanos.
Mellora do abastecemento de auga á poboación: desenvolvemento do Plan de abastecemento de Galicia	Poboación beneficiada Qm de tubaxe Obxectivos: 500.000 habitantes beneficiarios; 4.000 Qm de tubaxe; e subministración de auga ata os núcleos de poboación de 50 habitantes antes do ano 2025
Control da calidade do medio mariño: Programa de control da calidade do medio mariño en canto ás condicións oceanográficas e a bioxeoquímica mariña Programa de control da calidade do medio mariño en canto á fitoplancto Programa de control da calidade do medio mariño en canto ás biotoxinas mariñas	Número de puntos de mostraxe.....58 Número de parámetros/punto de mostraxe..... 8 Número de mostras realizadas2.132 Número de análises.....6.396 Número de mostras realizadas5.000 Número de análises realizados..... 15.000 Número de resolucións de apertura/peche das zonas de produción.....200
Control de calidade mariño II Programa de control da calidade do medio mariño en canto á contaminación química (metais pesados, compostos organoclorados e hidrocarburos) Programa de control da calidade do medio mariño en canto á contaminación microbiolóxica Programa de control zosanitario: control patolóxico de moluscos e peixes	Número de mostras realizadas200 Número de análises realizadas.....2.400 Número de mostras realizadas 1.620 Número de análises realizados..... 1.790 Número de mostras realizadas61 Número de análises realizadas.....80

2.6.2. OE 4.2. Desenvolvemento equilibrado e sustentable do territorio eliminando as disparidades territoriais e integrando a Galicia como cidade única

A crecente urbanización e fortalecemento dos núcleos máis dimensionados foi causa da perda de tecido demográfico dos poboadamentos sustentados pola base agropecuaria.

As cidades, cabeceiras comarcais, municipios mellor dimensionados ou localizados

en eixes de alto crecemento, reforzaron nas pasadas décadas o seu dinamismo coa afluencia de persoas dos que eran ámbitos rurais, hoxe en reestruturación, co que se configura así un círculo expansivo para algúns municipios, e depresivo para outros.

Unha Galicia moderna e equilibrada deberá responder a un modelo policéntrico, de desenvolvementos múltiples, apoiando as iniciativas locais dende calquera ámbito que xurda e configurando un marco de crecemento flexible, que lles dea cabida ás potencialidades que encerran todas as

áreas de Galicia. A tarefa de fixar as prioridades e liderados en cidades e centros máis desenvolvidos debe obedecer a un método, e incluír concepción, esquema e principios para que se ordenen dentro dunha visión de conxunto e para todo o século XXI.

Para construír esa Galicia descentralizada, entendendo os valores propios e diferenciados de cada un dos espazos, e potenciando as súas vantaxes e riqueza, o plan asume numerosas actuacións sectoriais, viarias, industriais, parcelarias, enerxéticas, comuni-

cacionais, de apoio a Administración local etc. dotando a cada territorio de auténticas posibilidades de aproveitamento dos seus potenciais internos.

Neste obxectivo e no anterior implícanse un gran número de organismos e xestores, que reflicten o carácter prioritario que se lle confire ás actuacións de signo territorial.

Plans e programas sectoriais salientables	Programas de gasto e organismos xestores
<ul style="list-style-type: none"> ➤ Plan Impulsa Lugo e Plan Impulsa Ourense ➤ Plan de desenvolvemento integral das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal ➤ Plans territoriais (Plan de reequilibrio territorial e Plan Costa da Morte) ➤ Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2007–2013 ➤ Plans estratéxicos de infraestruturas no medio rural ➤ Plan territorial de continxencias 	<p><i>141A (D. X. Admón. Local)</i></p> <p><i>451A (IGVS)</i></p> <p><i>521A (D.X. Sostibilidade e Pais.)</i></p> <p><i>551A (D. X. Desenvolvemento rural)</i></p> <p><i>712A (D.X. Desenvolvemento rural)</i></p> <p><i>761A (S.X. Turismo)</i></p> <p><i>811A (Transferencias a corporacións locais)</i></p> <p><i>811B (Transferencias a corporacións locais)</i></p> <p><i>811C (S. X. e do Patrimonio)</i></p> <p>IGAPE</p>

PLANS DE FERROL E COMARCAS, E PLANS IMPULSA LUGO E OURENSE

ÓRGANO XESTOR:

IGAPE.

Características xerais:

Os plans territoriais Ferrol e comarcas, Impulsa Lugo e Ourense persegue favorecer os investimentos produtivos para procurar un desenvolvemento harmónico, acelerando o desenvolvemento das provincias de Lugo e Ourense e a súa equiparación coas provincias atlánticas, para conseguir o obxectivo final de acadar o reequilibrio territorial e unha Galicia de velocidade única.

Estes plans son un proxecto que contempla unha liña de axudas específicas á dinamización do tecido empresarial da totalidade das provincias de Lugo e Ourense, e das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal, mediante o apoio á iniciativa privada e emprendedora que achegue riqueza e equilibrio socioeconómico.

Obxectivos dos plans territoriais:

- Potenciación dos sectores estratéxicos da economía da provincia.
- Impulsar actuacións emprendedoras de alto valor competitivo e produtivo.
- Fomentar a creación de emprego.
- Desenvolvemento do tecido socioeconómico da provincia como xeito de equilibrio territorial.

PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL DE GALICIA 2007 – 2013

ÓRGANO XESTOR:

Secretaría Xeral da Consellería do Medio Rural.

CARACTERÍSTICAS XERAIS:

A Política de Desenvolvemento Rural, cofinanciada con fondos comunitarios, desenvolverase no período 2007-2013 a través do Programa de Desenvolvemento Rural, o cal permite coordinar as diversas actuacións neste eido, co fin de lograr unha política máis coherente e eficaz.

O Programa de Desenvolvemento Rural constitúe a resposta ás disposicións do Regulamento (CE) N° 1698/2005 de 20 de setembro de 2005 relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER).

O obxectivo final do FEADER céntrase na promoción dun desenvolvemento rural sustentable en toda a Comunidade, como complemento das políticas de apoio ao mercado e aos ingresos aplicadas no marco da política agrícola común, a política de cohesión e a política pesqueira común.

A política de desenvolvemento rural ten en conta o elevado peso económico e social do sector agrario no conxunto da economía galega, así como a dependencia da actividade agraria dunha ampla parte do espazo rural.

O obxectivo é crear un marco coherente e firme que garanta o futuro do medio rural e contribúa ao mantemento e á creación de emprego.

Acadar estes propósitos pasa por reforzar o sector agrario e o forestal e mellorar a competitividade das zonas rurais, ao tempo que se incentiva un modelo de produción diversificado e respectuoso co medio ambiente.

No Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia se establecen as principais chaves estratéxicas para avanzar na consecución dun obxectivo básico: a viabilidade social e económica das áreas rurais.

De aí que a loita contra a despoboación rural, así como a necesidade de pór freo ao abandono das actividades tradicionais, con elevados valores naturais e culturais asociados, constitúan o núcleo básico da estratexia.

Para facerlle fronte a estes retos é precisa unha complexa combinación de elementos de competitividade que xeren crecemento económico e progreso social sobre a base da posta en valor dos recursos endóxenos preservando a súa estabilidade, integridade e conservación a máis longo prazo.

Proposta de medidas e actuacións prioritarias	Indicadores salientables
<p>Axudas a proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia</p> <p>Execución de estratexias de desenvolvemento local a través dos grupos de desenvolvemento rural (enfoque de abaixo cara a arriba)</p> <p>Mellora das infraestruturas e servizos básicos para a poboación que vive no medio rural</p>	<p>Número de proxectos no medio rural dirixidos á diversificación da economía rural</p> <p>Número de proxectos no medio rural dirixidos á mellora da calidade de vida</p>
<p>Investimentos públicos turísticos produtivos no territorio</p>	<p>Emprego turístico xerado no medio rural</p> <p>Porcentaxe de ocupación na oferta aloxativa do medio rural</p> <p>Número de visitantes ao interior galego</p> <p>Investimento turístico privado e público no medio rural</p>

2.6.3. OE 4.3. Eficiencia enerxética como fonte de riqueza e resposta aos desafíos do cambio climático

Europa, España e Galicia son fortemente dependentes do abastecemento enerxético exterior, cuestión que introduce dúbidas sobre a sustentabilidade dun crecemento económico nun mundo con crecentes presións sobre as principais fontes de enerxía, esgotables.

Para o ano 2020, a Unión Europea no seu conxunto formúlase un obxectivo en materia de clima e enerxía do "20/20/20", ou 20 por cento de redución de consumo de enerxía, 20 por cento da enerxía consumida procedente de enerxías renovables, e 20 por cento de redución nas emisións de gases de efecto invernadoiro, incluído un incremento de ata o 30% da redución de emisións se se deran as condicións para iso.

No caso de Galicia, o reto enerxético preséntase á vez como unha oportunidade. Gozando, en principio, de favorables condicións para a explotación de enerxía eólica, biomasa, solar ou mareomotriz, Galicia está en condicións de constituírse en rexión de referencia na produción enerxética e de desenvolver un sector ligado á produción e aforro enerxético con grandes posibilidades na creación de industrias auxiliares e postos de traballo.

Esta é a opción que se emprende neste obxectivo estratéxico, que conta cun conxunto extenso de plans e actuacións que atenden á produción de enerxía, á redución de emisións contaminantes e é a eficiencia no emprego dos recursos enerxéticos.

Plans e programas sectoriais salientables	Programas de gasto e organismos xestores
<ul style="list-style-type: none"> ➤ Plan enerxético estratéxico de Galicia 2010–2015 ➤ Plan de mellora da subministración eléctrica 2010–2013 ➤ Plan sectorial eólico de Galicia ➤ Plan re-Xurde eólico 2010 ➤ Programa marco galego fronte ao cambio climático 2010–2020 ➤ Plan MOBEGA (mobilidade eléctrica en Galicia) 2010–2015 ➤ Programa de desenvolvemento de infraestruturas de transporte de electricidade ➤ Programa de desenvolvemento de infraestruturas de gas ➤ Programa de axudas a proxectos de aforro e eficiencia enerxética ➤ Programa de axudas a proxectos de enerxías renovables 	<p>541E (S. X. Calid. e Av. Amb.; D.X. Sostib. e Paisaxe)</p> <p>541C (D. X. Ord. X. Recursos Mariños)</p> <p>541D (S. X. de Calidade e Avaliación Ambiental)</p> <p>542A (Augas de Galicia)</p> <p>542B (Augas de Galicia)</p> <p>733A (D. X. Ind., Enerxía e Minas)</p> <p>733B (D. X. Ind., Enerxía e Minas)</p> <p>734A (D. X. Ind., Enerxía e Minas)</p> <p>INEGA</p>

PLAN ENERXÉTICO ESTRATÉGICO DE GALICIA 2010-2015

ÓRGANO XESTOR:

Inega.

CARACTERÍSTICAS XERAIS:

Neste plan defínense as actuacións en materia enerxética que se van a realizar en Galicia no período 2010–2015, co obxectivo de acadar, segundo criterios de desenvolvemento sustentable, a mellora continua do sector enerxético galego en coordinación coas restantes estratexias e plans institucionais sectoriais.

Este Plan persegue fomentar o aforro e a eficiencia, cumprir os máximos respectos medioambientais, fomentar e concienciar á cidadanía e fomentar a investigación no ámbito da enerxía.

O Plan Enerxético Estratéxico presenta os seguintes Obxectivos:

- Investir neste Plan 1.200 millóns de euros para conseguir un aforro de 1.000 millóns no período 2010 – 2015 e continuar aforrando despois de ter realizado este investimento.
- Incrementar a taxa de autoabastecemento do 27 ao 30% nos próximos cinco anos.
- No ano 2015 o 95% da enerxía que se produza en Galicia proveña das enerxías renovables.

Esta Inversión permitirá, ademais, mellorar o noso posicionamento económico, a competitividade da nosa economía e o abaratamento dos custes de produción.

PLAN MOBEGA 2010-2015

CARACTERÍSTICAS XERAIS:

O obxectivo deste plan é que no ano 2014 Galicia conte cun parque de 10.000 vehículos eléctricos, reducindo a dependencia dos produtos derivados do petróleo en 22 ktep e unhas emisións de dióxido de carbono á atmosfera da orde de 30.000 toneladas/ano. A consecución destes obxectivos enerxéticos e ambientais suporá un aforro económico duns 15 M€ (12 M€ en enerxía + 3 M€ en emisións de CO₂).

O plan contará co desenvolvemento das seguintes áreas estratéxicas: accesibilidade dos vehículos eléctricos (VES) para a cidadanía, rede de infraestruturas de recarga para os VES, industrialización dos VES e dos seus compoñentes, tecnoloxía en normativa técnica, políticas públicas de promoción, márketing, formación e comunicación en contornos aos VES.

Este Plan tamén está relacionado co Obxectivo Estratéxico 2.3: "Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clústers e o fomento da innovación e cooperación empresarial".

PROGRAMA DE MELLORA DA SUBMINISTRACIÓN ELÉCTRICA 2010–2013

ÓRGANO XESTOR:

D. X. Industria, Enerxía e Minas.

CARACTERÍSTICAS XERAIS:

Mellorar os servizos e a calidade da subministración eléctrica que reciben a cidadanía e as empresas (tiepi, niepi, calidade de onda) especialmente en vilas e zonas rurais nas que non se acadan os niveis de calidade fixados no Real decreto 1634/2006, do 29 de decembro, o que permitirá mellorar a calidade de vida da cidadanía e a competitividade das nosas industrias.

O programa contempla entre outras as seguintes actuacións:

- Acadar o máximo mallado da rede, mallas cada vez máis reducidas que permitan, no maior número posible de puntos de consumo, obter enerxía por dobre camiño, o que permitirá dispoñer dunha subministración alternativa cando na habitual se produce algunha incidencia.
- Automatizar a rede para diminuír a incidencia dos erros. Trátase de instalar automatismos (telecontrois e autoseccionadores) en puntos estratégicos da rede, co obxecto de que as interrupcións lle afecten ao menor número de abonados.
- Intensificar os plans de mantemento.

- Conexión da Consellería de Economía e Industria cos sistemas informáticos das empresas eléctricas de xeito que exista un acceso rápido e eficiente á información relativa ao estado da rede eléctrica de distribución da Comunidade Autónoma de Galicia, aos problemas de calidade e aos datos de investimentos en cada punto da rede.
- Calendario de investimentos de modo que se incida especialmente naquelas zonas que presenten maiores deficiencias na subministración.

PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO DA INFRAESTRUTURA DE GAS

ÓRGANO XESTOR:

D. X. Industria, Enerxía e Minas.

CARACTERÍSTICAS XERAIS:

Ampliar a rede de transporte e distribución de gas mediante a construción de novos gasodutos para facer posible o desenvolvemento integral do gas en Galicia. Atenderase a demanda para xerar electricidade a partir de novos ciclos combinados e xerar calor nos sectores doméstico, comercial e industrial. Os obxectivos que se perseguen son que no 2014 o 75% da poboación de Galicia teña acceso ao gas e que se acaden os 350.000 abonados e que posibilitará que o consumo se multiplique por 2.

PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO DE INFRAESTRUTURAS DE TRANSPORTE DE ELECTRICIDADE

ÓRGANO XESTOR:

D. X. Industria, Enerxía e Minas.

CARACTERÍSTICAS XERAIS:

Un dos principais obxectivos que persegue a Xunta de Galicia é que a nosa Comunidade dispoña dunha infraestrutura de transporte e distribución de enerxía eléctrica competitiva e de calidade. Por iso, para mellorarlles e reforzarlles a subministración aos usuarios finais, alimentar o tren de alta velocidade e poder evacuar os excedentes que se van producir como consecuencia do incremento da potencia do parque de xeración, contéplase un amplo programa de actuacións e de investimentos nas infraestruturas de transporte de enerxía eléctrica que consistirá na construción de novas liñas de transporte e de novas subestacións.

PLAN RE-XURDE EÓLICO 2010

ÓRGANO XESTOR:

D. X. Industria, Enerxía e Minas.

CARACTERÍSTICAS XERAIS:

O obxectivo é converter a Galicia nunha comunidade líder na produción e desenvolvemento das enerxías renovables e conseguir que no 2014 a produción de electricidade con fontes renovables permita cubrir o 95% do consumo da nosa comunidade (e que no 2015 o 40% da electricidade xerada en Galicia sexa de orixe eólica).

E tamén minimizar os efectos sobre o medio natural dos novos parques eólicos e diminuír as afeccións dos parques existentes e fomentar a súa repotenciación.

E maximizar o impacto socioeconómico asociado aos parques eólicos instalados en Galicia.

PROGRAMA MARCO GALEGO FRONTE AO CAMBIO CLIMÁTICO 2010-2020

ÓRGANO XESTOR:

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

CARACTERÍSTICAS XERAIS:

Este programa pretende ofrecer unha resposta aos problemas asociados ao cambio climático a través dunha serie de actuacións no marco do cumprimento dos obxectivos marcados polo Protocolo de Kioto e o Paquete de Enerxía e Cambio Climático da Unión Europea.

O programa marco estrutúrase da seguinte maneira:

- Plans para a loita fronte ao cambio climático 2010-2012.
 - Plan de observación, investigación e adaptación.
 - Plan de redución de emisións de gases de efecto invernadoiro.
 - Plan de formación e concienciación cidadá.
- Proxectos estratégicos 2013-2020.

PROGRAMA DE AXUDAS A PROXECTOS DE AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA

ÓRGANO XESTOR:

Inega.

CARACTERÍSTICAS XERAIS:

Actuacións de eficiencia enerxética: o Inega desenvolverá un conxunto de actuacións que fomenten o aforro e a eficiencia enerxética.

Nestas actuacións englobanse as axudas a proxectos de aforro e eficiencia enerxética que teñen como obxectivo promover e incentivar economicamente as actuacións en aforro e eficiencia enerxética en todos os sectores, ademais dos plans Renove que tratan de incentivar a compra daqueles equipos que supoñen un maior aforro e eficiencia enerxética.

Para o financiamento destas actuacións o Inega asinou co IDAE un convenio de colaboración, para a execución en Galicia do Plan de acción para o período 2008-2012, para o desenvolvemento da Estratexia de aforro e eficiencia enerxética en España 2004-2012 (PAE4+) no que se invisten anualmente uns vinte millóns de euros.

Ademais o Inega vai asinar co IDAE outro convenio para a realización de proxectos financiados con Fondos FEDER, no ámbito territorial de Galicia, que estean destinados á posta en marcha de medidas en materia de aforro e eficiencia enerxética e fomento das enerxías renovables.

Dentro destes programas de axudas inclúense as seguintes actuacións:

- Industria: realización de auditorías enerxéticas e execución de proxectos de aforro e eficiencia enerxética.
- Transporte: estudos de mobilidade urbana sustentable e plans de transporte para empresas e mellora da xestión de flotas.
- Edificación: rehabilitación da envolvente e mellora das instalacións térmicas dos edificios, mellora da iluminación, construción de edificios de alta eficiencia, realización de auditorías enerxéticas e instalación de bombas de calor de clase A.
- Servizos públicos: mellora da eficiencia enerxética das instalacións de potabilización, abastecemento e depuración da augas residuais, Renovación das instalacións de iluminación pública exterior e de semáforos, realización de auditorías enerxéticas en iluminación exterior.
- Transformación da enerxía: realización de auditorías enerxéticas en plantas de coxeración, estudos de viabilidade e execución de proxectos de coxeración.
- Agricultura e pesca: realización de auditorías enerxéticas e execución de proxectos de aforro e eficiencia enerxética.

- Plan de acción de aforro e eficiencia enerxética na Administración pública galega: o obxectivo desta iniciativa é definir as actuacións necesarias a desenvolver na Administración pública galega para a obtención do máximo rendemento enerxético nas súas instalacións.
- Puntos recarga intelixente para vehículos eléctricos: liña de axudas para a posta en marcha nos concellos galegos de infraestruturas públicas de recarga e xestión de redes de recarga de uso público para vehículos eléctricos.
- Plans Renove:
 - Plan Renove de equipos de climatización
 - Plan Renove de electrodomésticos
 - Plan Renove de fiestras
 - Plan Renove de equipos de iluminación interior
 - Plan Renove de rótulos luminosos
- Plan de vehículos eficientes.

O obxectivo que se persegue con todas estas medidas é reducir dun 1% ata un 0,25% a taxa de incremento da demanda de enerxía o que representará durante o período 2010-2015 un aforro enerxético acumulado de 1.002 ktep, un aforro económico acumulado de 1.037 M€ e evitar a emisión de 4.001 kt de CO₂ á atmosfera.

PROGRAMA DE AXUDAS A PROXECTOS DE ENERXÍAS RENOVABLES

ÓRGANO XESTOR:

Inega.

CARACTERÍSTICAS XERAIS:

Actuacións de fomento das enerxías renovables: o Inega desenvolverá un conxunto de actuacións que impulsen os proxectos de enerxías renovables na nosa comunidade.

Nestas actuacións engópanse as axudas a proxectos de enerxías renovables que teñen como obxectivo promover e incentivar economicamente as actuacións no aproveitamento deste tipo de enerxías.

Para o financiamento destas actuacións o Inega asinou co IDAE un convenio de colaboración, para a execución en Galicia do Plan de enerxías renovables (PER) 2005–2010 no que se invisten anualmente uns 5,7 millóns de euros.

Dentro deste programa de axudas inclúense proxectos de:

- enerxía solar térmica
- enerxía solar fotovoltaica illada
- enerxía solar fotovoltaica conectada á rede
- aproveitamento de biomasa

- xeración térmica e/ou eléctrica a partir de biogás; axudas a proxectos de gasificación de biomasa
- participación en proxectos demostrativos de enerxías renovables e de tecnoloxías en desenvolvemento

Proposta de medidas e actuacións prioritarias	Indicadores salientables
Programa marco galego fronte ao cambio climático 2010–2020	Cumprir os obxectivos da UE en materia de redución de emisións de gases de efecto invernadoiro para 2020
Plan de mobilidade eléctrica en Galicia (Mobega 2010–2015)	Número de vehículos eléctricos. (Obxectivo: que Galicia conte no 2014 cun parque de 10.000 vehículos eléctricos)
Mellora da calidade da subministración eléctrica	Mellora dos indicadores de calidade eléctrica (TIEPI, NIEPI). (Obxectivo: mellorar a calidade eléctrica especialmente nos contornos rurais mediante o incremento do mallado das redes eléctricas, a súa automatización, o reforzo das liñas de distribución e dos transformadores)
Produción de enerxía eléctrica a partir de fontes renovables.	(MWh eléctricos xerados con renovables/Consumo eléctrico de Galicia)*100. (Obxectivo: cubrir o 95% do consumo eléctrico de Galicia)
Programas de aforro e eficiencia enerxética nos sectores residencial, terciario, industrial e transporte	Número de ktep aforrados e número de toneladas de CO ₂ evitadas á atmosfera. Porcentaxe anual de incremento da demanda de enerxía de Galicia. Obxectivo: reducir dun 1% ata un 0,25% a taxa de incremento da demanda de enerxía no período 2010 – 2014, co que se espera conseguir un aforro de enerxía acumulado de 800 Ktep (3.200 kt de CO ₂ evitadas)
Accións de loita contra a contaminación mariña. Plan territorial de continxencias	Número de exercicios de loita contra a contaminación mariña 2 Número de reunións de grupos de traballo..... 100 Iniciativas ou participación en iniciativas de loita contra a contaminación mariña accidental e da oceanografía operacional 5 Incorporación de novos efectivos de LCC